



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 31 DE XULLO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**LEIS**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Proxecto de Lei polo que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal e a Lei 5/200, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural

**DECRETOS**

**EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se crea o Observatorio de Ciencias e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA) e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto sobre extinción de fundacións públicas hospitalarias

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Decreto polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a Compañía de Radio-Televisión de Galicia S.A. para o contrato coa empresa *Union des Associations Europeens de Football* para a retransmisión de dezaioito partidos da *UEFA Champions League*



## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ferrol para a humanización nas estradas Castela (AC-862) e Catabois (antiga C-646)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra e o Concello de Marín para a mellora da seguridade viaria na Avenida de Ourense no núcleo urbano de Marín
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Culleredo para a realización de diversas actuacións no concello
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e *Autopista Central Galega, Concesionaria Española, Sociedade Anónima* polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da autoestrada AP-53, Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo, que ten a dita sociedade, pola conexión coa autovía AG-59 e a súa utilización libre de peaxe para os movementos da AG-59 cara a Santiago de Compostela e inverso

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo sobre autorización do funcionamento de extensión das escolas oficiais de idiomas adscritas ás escolas oficiais de Idiomas que permitan a oferta de prazas para a ensinanza de inglés en distintos municipios da nosa Comunidade Autónoma
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia para a mellora das bibliotecas escolares. Ano 2008
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual correspondente á orde pola que se convocan bolsas para a realización de estudos no estranxeiro de especialización

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Muros para a reurbanización da área peonil da Avenida Castela en Muros



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de San Sadurniño (A Coruña) para a recuperación e posta en valor dos xardíns do Pazo da Marquesa
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Carral (A Coruña) para a realización do Centro de Visitantes do Castro das Travesas
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Outes (A Coruña) para a recuperación do núcleo rural tradicional (empedrado e rúas) en San Cosme
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas para a realización do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-FOEXGA 2008
- Acordo polo que se declara Festa de Galicia de Interese Turístico na provincia da Coruña a Romaría da Nosa Señora dos Milagres de Caión (A Laracha)
- Acordo polo que se declara Festa de Galicia de Interese Turístico na provincia de Ourense a Festa da Castaña e do Cogomelo (Riós)

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do *Proxecto de construción do treito Ourense-Lalín, subtreitos O Carballiño-O Irixo e O Irixo-Lalín (Abeleda)* sobre o do monte veciñal en man común Xugo da Bola, da comunidade de Dadín, concello do Irixo, provincia de Ourense, promovido polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF)

### **CONSELLERÍA DE CULTURA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Fundación Castelao para a catalogación universal da obra de Castelao

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se prorroga o contrato-programa asinado o 1 de agosto de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusións de Galicia para establecer prestacións sanitarias, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que realizará a fundación para o período do 1 de agosto ao 31 de xullo de 2009



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dos convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e distintos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autorizan as cláusulas adicionais aos concertos de data do 1 de xuño de 2007 para a reserva e ocupación de prazas de enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación con distintas asociacións/fundacións

### **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Memorando de Entendemento de cooperación entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e o Ministerio das Pescas da República de Mozambique

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución da obra *Pequenas obras de saneamento. Saneamento e depuración de augas en Liñares e Pedrafita. Concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo)*, por importe de trescentos sesenta e cinco mil setecentos catorce euros con sesenta e dous céntimos (365.714,62)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mañón para a execución da obra de Actuación de saneamento na Comunidade Autónoma. Saneamento e depuración do Barqueiro. Concello de Mañón (A Coruña), por importe de seiscentos cinco mil trescentos setenta e oito euros con dez céntimos (605.378,10)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Mondariz para o acondicionamento do contorno dos ríos Tea, Aboal e Alén
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Pontearreas para a recuperación ambiental da área recreativa da Freixa e senda do río Tea
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Arteixo para a recuperación ambiental de Boedos no río Sisalde



- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello do Rosal para a adecuación ambiental do contorno do río Tamuxe
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Maside para a intervención ambiental no espazo natural do Puzo do Lago
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Rianxo para o acondicionamento do contorno natural do curso medio do río Té
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello da Laracha para a mellora da área recreativa de Gabenlle
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Salceda de Caselas para actuacións nas Gándaras de Budiño
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Cortegada para a realización de actividades ambientais
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Quiroga para a execución da obra *Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Nova ETAP e obras complementarias do abastecemento de auga a Quiroga. Concello de Quiroga (Lugo)*, por importe de trescentos sesenta e nove mil catrocentos trinta e catro euros con oitenta e seis céntimos (369.434,86)

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do programa *Empresa-Concepto*, por un importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para o establecemento de anticipos ata o 65% da subvención concedida nos convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e o Centro Gallego de Buenos Aires, Centro Galicia de Buenos Aires, Centro Gallego de Jubilados y Pensionaistas de la República Argentina, Centro Gallego de Rosario, Casa Galicia de Montevideo, Centro Orensano de Montevideo, para a impartición de cursos de formación profesional por importe total de douscentos sesenta e un mil euros (261.000 euros)



## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial do Parque Empresarial de Mos-Redondela, na provincia de Pontevedra, como de incidencia supramunicipal
- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial do Parque Empresarial da Barbanza, nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal, como de incidencia supramunicipal
- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tremeoedo, nos concellos de Vilanova e Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra, como de incidencia supramunicipal
- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos, no concello de Verín (Ourense), como de incidencia supramunicipal
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense para a rehabilitación do conxunto de fachadas traseiras da rúa Pena Trevinca
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña para financiar un proxecto de investigación dun sistema de información xeográfica das actuacións da Consellería de Vivenda e Solo
- Acordo polo que se declara o Proxecto sectorial do Parque Empresarial Medioambiental de Carballeda de Avia, na provincia de Ourense, como de incidencia supramunicipal

## **INFORME**

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación da modificación do Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos



## **APROBADO O PROXECTO DE LEI POLO QUE SE MODIFICA A LEI DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL**

- ***O Consello da Xunta aprobou o proxecto de lei polo que se modifican a Lei de Desenvolvemento comarcal e a Lei de creación de AGADER, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural, segundo aprobou o Consello da Xunta***

A Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei que modifica a Lei de Desenvolvemento comarcal. O obxectivo é disolver a estrutura da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal e de desvincularse das 34 Fundacións Comarcais, para introducir criterios de racionalidade e de eficiencia, ademais de evitar duplicidades nas competencias.

As modificacións introducidas afectan, en primeiro termo, ás fundacións para o desenvolvemento comarcal, derogando o artigo que determinou a composición dos padroados destas fundacións, a fin de que o seu impulso e promoción resida nos axentes públicos e privados de cada territorio, incluíndo non só os representantes dos concellos e dos sectores estratéxicos produtivos da comarca, senón tamén os axentes doutros sectores económicos e sociais. Con iso estase a posibilitar que sexan os propios padroados de cada fundación os que establezan a súa composición, e unha maior autonomía de vontade para decidir o futuro das mesmas en función das características de cada ámbito territorial.

En segundo lugar, a adopción dunha estratexia coordinada en materia de desenvolvemento rural e comarcal fai que debeña innecesario o mantemento da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal, sociedade de carácter instrumental para a realización de actividades de planificación e desenvolvemento comarcal.

Como consecuencia, reorganízanse as competencias en materia de dinamización comarcal para englobalas nas máis amplas de desenvolvemento rural, tendo en conta a existencia de centros directivos administrativos e mesmo doutros entes de dereito público dependentes da Administración galega con competencias análogas. En base aos principios de eficacia e coordinación que presiden a actuación pública, leva a que as funcións desempeñadas anteriormente pasen a ser exercidas polas unidades da propia Administración competentes en desenvolvemento rural.

Nesa liña, prevese un maior protagonismo do centro directivo con competencias en materia de desenvolvemento rural no que atinxe á definición e integración das políticas de desenvolvemento comarcal na estratexia de desenvolvemento rural. Así mesmo, dáse unha nova redacción ás funcións que desenvolve a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fin de asumir parte das actuacións relacionadas co desenvolvemento comarcal, especialmente no relativo á xestión dos centros comarcais. O obxectivo é mellorar a integración destes centros nas estruturas que deseñan e executan a política de desenvolvemento rural, co fin de que contribúan a dar respaldo ás iniciativas de



desenvolvemento rural, orientando prioritariamente a súa actividade a impulsar proxectos innovadores dirixidos á dinamización económica e a mellora da calidade de vida nas áreas rurais.

Alén diso, tamén se adecúan as funcións da citada Axencia ás previstas no novo período de programación 2007-2013 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural, así como á asunción daquelas funcións relacionadas co desenvolvemento económico e social baixo un enfoque territorial a nivel local e comarcal.

No que atinxe a outras actividades desenvolvidas pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal, como é o caso dos servizos que presta de apoio ao desenvolvemento territorial (a través do Sistema de Información Territorial de Galicia), que axuda a unha mellor xestión do territorio e a ordenación do espazo rural e así mesmo pode ser unha ferramenta útil para a xestión da conservación da superficie agraria útil e a mobilidade das terras agrarias produtivas, estas pasarán a ser desenvolvidas polo Banco de Terras de Galicia, xa que dentro do seu obxecto social figuran actividades análogas ás desenvolvidas pola unidade do Sistema de Información Territorial de Galicia, como é a ordenación territorial galega e o mellor aproveitamento das terras para a actividade agraria, en aras de racionalizar o sector público.

Unha vez que o proxecto de Lei sexa definitivamente aprobado polo Parlamento galego, a estrutura administrativa dedicada ao desenvolvemento rural estará vertebrada arredor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e do Banco de Terras de Galicia, como principais instrumentos que potenciarán a economía produtiva no medio rural.

## **A XUNTA APROBA A CREACIÓN DO OBSERVATORIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

- ***Este órgano consultivo e de apoio ao contorno de investigación universitario terá como funcións a recollida, tratamento, validación e difusión dos datos relacionados coa produción científica do Sistema Universitario de Galicia***





O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Observatorio de Ciencia e Tecnoloxía Universitario de Galicia (OCTUGA), como órgano colexiado consultivo e de apoio ao contorno de investigación universitaria de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de educación universitaria.

O OCTUGA, promovido pola Consellería de Educación a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia (SUG), terá como finalidade recoller, tratar, validar e difundir os datos relativos á produción científica e á actividade investigadora no SUG, así como os relativos á súa estrutura e funcionamento.

Con este obxectivo, o Observatorio recompilará os datos sobre a investigación e a produción científica no Sistema Universitario de Galicia, establecendo os indicadores de referencia e definindo o sistema de información pertinente para o seguimento da súa situación e facilitar a súa avaliación continuada. Ao mesmo tempo creará e manterá a páxina web [www.octuga.es](http://www.octuga.es) que permitirá facer visible a información elaborada polo Observatorio. Por outra banda, subministrará aos axentes relacionados coa ciencia e a tecnoloxía do SUG a información sobre a situación estrutural e conxuntural, e realizará publicacións e estudos sobre a materia.

### **Organización**

No desenvolvemento e actividade do Observatorio participarán, ademais da Consellería de Educación, a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, e as tres universidades galegas, a Dirección Xeral de I+D+i, a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), e contará, así mesmo, coa colaboración do Consorcio de Bibliotecas (BUGALICIA).

O OCTUGA estará organizado por un pleno e un grupo de traballo. O primeiro terá as funcións de planificación e seguimento das actividades do Observatorio, así como a toma de decisións relativas ao seu funcionamento e subministración de datos. Este órgano directivo estará presidido pola persoa titular da Consellería competente en materia de educación universitaria, no rango de presidente, ou no seu defecto, unha persoa delegada.

Pola súa banda, o grupo de traballo encargárase do funcionamento do Observatorio, para o que desenvolverá todas as funcións de deseño, recompilación e tratamento de datos, así como as de publicación e subministración de datos.

O Pleno do OCTUGA reunirse como mínimo dúas veces ao ano en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario sempre que o seu presidente ou presidenta o considere oportuno. O grupo de traballo reunirse coa frecuencia e condicións que se acorden para permitir o bo desenvolvemento das actividades do Observatorio.

### **Páxina web**

A páxina web do Observatorio, que xa está dispoñible, contén diversos indicadores e informes que dan conta da relevancia da investigación no Sistema Universitario de



Galicia. Así, por exemplo, esta páxina web ofrécenos datos como o gasto en I+D do sector do ensino superior respecto do PIB, que en Galicia era en 2006 do 0,35 % e en España do 0,33 %.

Así mesmo, os datos indican que por cada 100 investigadores se solicitan 0,73 patentes nacionais, fronte ao 0,64 do conxunto de España (datos de 2005); e que a porcentaxe de empresas que cooperan con universidades respecto do total que cooperan en innovación é do 41,2 % en Galicia e do 30% en España (datos de 2006). A metodoloxía de aplicación dos datos tratados no OCTUGA foi cedida polo Instituto Galego de Estatística para unha maior rigorosidade no tratamento dos datos

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é consciente da necesidade de dispor de información axeitada sobre a actividade de investigación e a produción científica e tecnolóxica específica do SUG, dado que o contorno universitario é actualmente o axente de máis peso, tanto en gasto como en persoal, de todo o sistema de innovación.

Ademais, dispor dun mecanismo de recollida de datos sobre a investigación e a produción científica no Sistema Universitario de Galicia obedece á necesidade de amosar a función investigadora das universidades, á tarefa cada vez máis estendida de avaliación do uso dos recursos dispoñibles no SUG, e ao deseño e seguimento de políticas de promoción da investigación.

## **O GOBERNO GALEGO EXTINGUE AS FUNDACIÓNS PÚBLICAS HOSPITALARIAS**

- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto sobre extinción de Fundacións públicas hospitalarias da Barbanza, Virxe da Xunqueira, Verín e O Salnés***
- ***Esta extinción será efectiva con data do 31 de decembro do 2008, e os orzamentos para o vindeiro ano 2009 xa se referirán aos 14 centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde e non a 10 e catro fundacións como ata agora***
- ***Este decreto culmina o proceso de eliminación das fundacións públicas Hospitalarias, coa conseguinte mellora para os profesionais e para a calidade da asistencia sanitaria***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto de extinción das Fundacións Públicas Hospitalarias da Barbanza (en Ribeira), Virxe da Xunqueira (en Cee), Verín e a do Salnés (en Vilagarcía de Arousa). Este decreto culmina o proceso de



desaparición destas fundacións coa conseguinte mellora para o cadro de profesionais e para a calidade da asistencia sanitaria ofertada á cidadanía. Redundará ademais, dun xeito moi importante nunha maior homoxeneidade do Sistema Público de Saúde de Galicia.

A extinción será efectiva con data do 31 de decembro do 2008. Por iso, a próxima lei de orzamentos de Galicia para o ano 2009 non estipulará os cartos destinados á saúde de xeito diferenciado a estas fundacións e referirase xa aos 14 centros hospitalarios que forman o Servizo Galego de Saúde, no canto dos dez centros e catro fundacións que recollían os orzamentos ata agora.

Para cada unha das fundacións que se van extinguir désígnase unha comisión liquidadora integrada por tres auditores de contas, que non estiveron vinculados a elas nos cinco anos anteriores.

### **Beneficios para o sistema público e os seus profesionais**

Entre as vantaxes da integración como centros de xestión do Servizo Galego de Saúde destacan o sometemento dos centros a criterios uniformes de planificación e coordinación; a redución do gasto sanitario ao incorporar ao centro a plans conxuntos de adquisición e subministración de bens e servizos; garantir a concorrència, publicidade e imparcialidade na contratación; someter os centros a criterios de control financeiro e orzamentario que se establecen para o resto de centros hospitalarios públicos; unificar a oferta de emprego público; consolidar o proceso de homologación das condicións de traballo do persoal; e unificar os cadros de persoal e réxime de xestión dos centros hospitalarios, mellorando a calidade asistencial.

Este decreto responde ao fracaso do modelo organizativo en que se situaron estas fundacións sanitarias de carácter asistencial que non alcanzaron os obxectivos de eficacia, eficiencia e mellora da calidade dos servizos inicialmente proposto ademais de impedir que os seus profesionais se puidesen desprazar ao Sistema Nacional de Saúde o que constitúe unha auténtica barreira profesional ao seu progreso laboral. O Servizo Galego de Saúde xa extinguiña en 2006 a Fundación Foro Permanente Galego Iberoamericano da Saúde.



## **A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE CREA A RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO OS MIÑARZOS EN LIRA**

- ***Con esta modificación inclúese como novidade o Plan de Xestión Integral, un instrumento de planificación áxil e flexible que permitirá acadar o equilibrio entre a protección dos recursos e a rendibilidade económica das pesqueiras***
- ***Ademais, corríxese tamén a delimitación do ámbito da reserva, así como as referencias toponímicas, aínda que non son cambios de carácter transcendente***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace á modificación do Decreto polo que se crea a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos en Lira – Carnota, impulsada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e pola Confraría de Pescadores de Lira. O obxecto deste decreto é levar a cabo certas modificacións derivadas da posta en funcionamento da reserva e das propostas realizadas desde o seu Órgano de Xestión, Seguimento e Control. Entre as novidades que se incorporan no novo decreto están a dotación dun Plan de Xestión Integral como instrumento de planificación áxil e flexible, así como a corrección da delimitación do ámbito da reserva debido a pequenos desaxustes nalgúns puntos xeográficos.

A posta en funcionamento da reserva a través do Decreto 87/2007, do 12 de abril, a pesar do curto período de tempo transcorrido, evidenciou unha boa acollida no conxunto da



sociedade galega e, máis particularmente, na comunidade pesqueira do ámbito de influencia da zona protexida. A resposta positiva por parte do sector, xunto á implicación e compromiso dos propios profesionais do mar, sentou as bases para un axeitado funcionamento da reserva e supón á vez un estímulo para a introdución das melloras necesarias que permitan adecuar a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros aos principios inspiradores da súa creación.

Deste xeito, entre as modificacións máis destacadas que se levarán a cabo con este novo decreto está a dotación do Plan de Xestión Integral que permitirá adoptar, baixo criterios de sustentabilidade, as medidas específicas para cada unha das pesqueiras, ao tempo que se incrementará o grao de participación dos pescadores no desenvolvemento e aplicación deste instrumento. Así, para que os profesionais do mar participen máis activamente no deseño do Plan, ampliarase o carácter do censo en que deben estar inscritos todos os profesionais que realicen actividades na Reserva Mariña de Lira, xa que se inclúen nel os mariscadores a pé e aquelas embarcacións dedicadas á captura de ourizo, navalla/longueirón, algas e poliquetos, que desenvolven a súa actividade no marco dos plans de explotación. Con esta incorporación, todos os colectivos que traballan habitualmente no ámbito da reserva adquiren o mesmo grao de responsabilidade no cumprimento das medidas acordadas no Plan de Xestión Integral.

Este plan deberá estar aprobado nun prazo de seis meses, contado desde a entrada en vigor deste novo decreto. Mentres non sexa ratificado, seguirán en vigor as normas de xestión que están aprobadas e en vixencia.

Ademais desta novidade, e dado que se teñen detectado pequenos desaxustes nalgúns puntos xeográficos do ámbito da reserva, como consecuencia das propias condicións xeográficas da zona, corríxirase as coordenadas xunto coas referencias toponímicas. De todos os xeitos, é de destacar que ningún dos cambios que se realizan a nivel global do ámbito da área protexida son de carácter transcendente.

Neste sentido, co novo decreto aprobado hoxe polo Goberno galego, a área protexida divídese igualmente nunha reserva xeral e en dúas zonas de reserva integral, diferenciando agora entre zona sur e zona norte. No caso da área de interese pesqueiro, mantéñense as actividades que o decreto vixente establecía como permitidas e incorpóranse a posibilidade de recollida de mexilla, que unicamente se realizará mediante acordo entre as confrarías de pescadores do ámbito da reserva e os concesionarios de bateas ou liñas de cultivo; así como a pesca marítima de recreo en superficie. En canto ás dúas áreas de reserva integral, mantéñense as mesmas restricións que ata o de agora.

### **Creación da Reserva Mariña de Lira**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado 12 de abril de 2007 o Decreto polo que se crea a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Os Miñarzos de Lira co obxecto de delimitar xeograficamente esta área protexida, así como o establecemento dos límites de uso e prohibicións de pesca na reserva e a configuración dun sistema de xestión e participación do sector pesqueiro nel.



Coa creación desta reserva mariña, a primeira deste tipo que se pon en marcha en Galicia, buscouse protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros, impulsar a pesca e o desenvolvemento sustentable, conservar a flora e a fauna do medio mariño e a súa diversidade, fomentar a sensibilización ambiental sobre o mar, divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega e favorecer os estudos científicos sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras. Ademais, a creación desta área protexida busca promover novas oportunidades socioeconómicas no campo do turismo e do lecer que favorezan a diversificación das actividades da comunidade pesqueira e a posta en valor dos pescadores e da cultura mariñeira.

Esta iniciativa segue pois a liña dos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca, tanto no que se refire a fomentar a protección do ambiente e dos recursos naturais, como a promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas en que se exercen actividades vencelladas á pesca.



## **A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA OS BANCOS DE TEMPO E OS PLANS DE PROGRAMACIÓN DO TEMPO DA CIDADE PARA PROPICIAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR**

- *Estas iniciativas, que xestionarán os concellos coa colaboración da Xunta de Galicia, nutriranse de redes comunitarias de apoio á conciliación da vida persoal, familiar e laboral*
- *Os plans de programación do tempo pretenden coordinar os horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais dos seus habitantes*
- *O obxectivo xeral destas medidas é proporcionar recursos suficientes para que as mulleres poidan integrarse no mercado laboral en condicións de igualdade e acaden novos espazos de autonomía persoal*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión desta mañá, o decreto que establece a promoción autonómica das medidas municipais para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras. Tal e como se recolle na Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, o obxectivo final desta iniciativa é acadar a corresponsabilidade entre homes e mulleres.

Neste sentido, un dos aspectos máis innovadores é o establecemento dos bancos de tempo e dos plans de programación do tempo da cidade, medidas que xestionarán os concellos coa colaboración da Xunta de Galicia. A súa función será contribuír á mellora da conciliación de vida familiar e laboral.

Estas iniciativas nutriranse de redes comunitarias de apoio á conciliación ou, en casos excepcionais, de persoal municipal ou contratado para o efecto. Entre os seus cometidos prioritarios estará o de facilitar o descanso de quen coida persoas dependentes.

### **Bancos de tempo**

Os bancos de tempo facilitaránlles ás persoas empadroadas no correspondente concello a conciliación da súa vida persoal, laboral e familiar. As súas prestacións articularanse a través dun sistema de intercambio destinado a subministrar servizos e coñecementos entre as persoas dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.



Para o seu funcionamento elaborárase e xestionárase unha base de datos co fin de arquivar e actualizar os datos das persoas asociadas. Tamén se levará un rexistro en que se recolla toda a información necesaria (endereço, tempos dispoñibles, actividade que se demanda e actividade que se oferta) para realizar os intercambios e avaliar a súa efectividade. Os servizos ofertados e demandados estarán relacionados, entre outros posibles, coas seguintes actividades:

- Realización de tarefas relacionadas co manexo das novas tecnoloxías
- Axuda coas tarefas escolares.
- Realización de tarefas domésticas ou das relacionadas cos subministración doméstica ou reparacións domésticas.
- Axuda para a realización de xestións de índole administrativa.
- Acompañamento en actividades relacionadas co tempo de lecer.

### **Plans de programación do tempo da cidade**

A súa función será coordinar os horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía. Para iso estableceranse mecanismos que proporcionen a coordinación dos horarios de apertura e peche de oficinas públicas, comercios, e servizos públicos ou privados con atención ao público, incluíndo actividades culturais, bibliotecas, espectáculos e transportes.

Tamén se constituirá a Mesa de Concertación do Plan de Programación do Tempo da Cidade. Neste organismo participarán, como mínimo, as administracións públicas, as asociacións de mulleres, as asociacións de consumidores e usuarios, os sindicatos máis representativos, as asociacións empresariais, as asociacións de profesionais da agricultura, do artesanado ou do comercio, as asociacións de nais e pais do alumnado dos centros educativos e as asociacións veciñais do concellos ou concellos implicados.

Esta mesa de concertación será a encargada de recoller as propostas dos seus integrantes e, se é o caso, de particulares, para coñecer as necesidades de horarios da cidadanía. Outro dos seus principais cometidos será o de vixiar os cumprimento dos compromisos asumidos sobre horarios da cidade, e dar conta cada ano das xestións realizadas ante o pleno de cada concello implicado no plan.

### **Entidades beneficiarias**

Poderán ser beneficiarios da promoción autonómica de medidas municipais de conciliación os concellos, individualmente ou asociados entre eles. Non obstante, a xestión destas medidas poderase realizar de maneira directa ou a través de entidades públicas ou privadas, sempre que dispoñan de capacidade técnica para a súa execución. No caso de que a xestión das medidas se realice a través de entidades privadas terán preferencia os concellos que contén coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro que radiquen no seu ámbito de desenvolvemento.

### **Tipos de axudas de promoción autonómica**





As medidas municipais de conciliación que cumpran os requisitos establecidos neste decreto, unha vez rexistradas, poderán ser susceptibles de acceder aos seguintes tipos de axudas que establecerá o departamento competente en materia de traballo:

- a) Subvencións aos bancos de tempo para contratación de persoal xestor, adquisición e mantemento dos activos mobiliarios, coordinación e cooperación.
- b) Contratación de persoal para facilitar o descanso a persoas con dependentes baixo o seu coidado.
- c) Subvencións aos plans de programación do tempo da cidade para cubrir custos sociais do persoal propio, compensación da persoa responsable do plan, gastos das convocatorias da mesa de concertación e fondo de manobra para axudas directas aos suxeitos privados que asumiran compromisos sobre horarios da cidade.
- d) Subvencións a outras actuacións que poidan ter a consideración de medidas municipais de conciliación, de acordo co decreto

Ademais, as contías que se recollan nas subvencións veranse incrementadas no caso de que o concello ou os concellos implanten un Plan Local de Conciliación, que é o conxunto coordinado de medidas adoptadas por un concello coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas traballadoras.

### **O asesoramento autonómico**

A promoción autonómica comprende, ademais, o asesoramento aos concellos para a elaboración e para a aplicación de medidas municipais de conciliación. As solicitudes de asesoramento serán tramitadas pola unidade administrativa de igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, que convocará a persoa designada polo departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade para valoralo.

Para realizar estas funcións tamén se prevé a creación dunha comisión de expertos en conciliación. Tratarase dunha lista de persoas de recoñecido prestixio nos respectivos campos de coñecemento existentes en materia de igualdade, como a socioloxía, a economía, o dereito, a igualdade de oportunidades ou a comunicación social.



## **A TELEVISIÓN DE GALICIA RETRANSMITIRÁ 18 PARTIDOS DA UEFA CHAMPIONS LEAGUE INCLUÍDOS A FINAL E A SUPERCOPA DE EUROPA PARA AS TRES PRÓXIMAS TEMPORADAS**

- ***A cadea pública asinou un contrato coa empresa Unión de Asociaciones Europeas de Fútbol para a emisión dos encontros***
- ***A Compañía valorou poder realizar a emisión en lingua galega, así como o interese da audiencia por estes acontecementos deportivos***
- ***O acordo supón para o ente un investimento de oito millóns oitocentos trinta e dous mil euros***

O Consello da Xunta ratificou hoxe o acordo polo que a Compañía de Radio-Televisión de Galicia, S.A. asinou un contrato coa empresa Unión de Asociaciones Europeas de Fútbol para a retransmisión de dezoito partidos da *UEFA Champions League*. O acordo recolle a retransmisión dun total de dezoito partidos, incluídos a final da *UEFA Champions League* e a *Supercopa de Europa* para as temporadas 2009/2010, 2010/2011 e 2011/2012.

O acordo ratificado hoxe polo Goberno galego na súa reunión semanal do Consello da Xunta permitirá a difusión en exclusiva das canles autonómicas dun partido en aberto correspondente a cada xornada da Liga de Campións e a Supercopa de Europa, ademais da final da Liga de Campións que tamén será emitida pola TVE S.A. en aberto.

### **Orixes do acordo**

A Unión de Asociaciones Europeas de Fútbol organizadora da Liga de Campións na que toman parte os mellores clubs de fútbol de Europa convocou para a súa emisión nos distintos países un proceso de adquisición de dereitos invitando a participar en cada país ás máis prestixiosas televisións por consideralas con capacidade para distribuír estes contidos audiovisuais nas condicións nas que a UEFA os ofrece.

Entre as televisións que a UEFA considera con esa capacidade figuran as televisións autonómicas dependentes dos entes públicos autonómicos de radio e televisión agrupados na FORTA, nos que se inclúe a TVG. A oferta para a adquisición dos dereitos foi realizada de forma conxunta por todas as comunidades integradas na FORTA á UEFA. A TVG realizará un investimento de oito millóns oitocentos trinta e dous mil euros para acometer o acordo.

A canle pública galega considerou a oportunidade de participar na oferta realizada pola UEFA por ser o único xeito de conseguir dereitos para a emisión durante as tres temporadas deportivas próximas dun dos acontecementos deportivos de maior entidade e que conta cun interese contrastado para as audiencias. Ademais, valorouse o poder ser adquirido para a súa difusión individualizada o que permite a emisión en todas as linguas recoñecidas no estado para as televisións que emiten no idioma propio da comunidade autónoma como é o caso da TVG.



Así, desde a Televisión de Galicia considerouse o acordo un vehículo idóneo para cumprir os principios legais que rexen a compañía pública galega no referido á súa oferta de acontecementos deportivos de interese para unha grande audiencia e pola posibilidade de difundilos na nosa lingua.

## **A XUNTA DE GALICIA DEDICA 8 MILLÓNS DE EUROS Á HUMANIZACIÓN DAS ESTRADAS DE CASTELA E CATABOIS, EN FERROL**

- ***O Goberno galego dotará ambas as vías, ao longo duns 5,5 quilómetros, dun carácter máis urbano e transferirá a súa titularidade ao concello***



O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ferrol para a execución das obras de acondicionamento das estradas de Castela (AC-862) e Catabois (AC-116), antigamente vías de acceso á cidade ferrolá e hoxe convertidas xa en travesías urbanas. Este carácter de vías urbanas aconsella axeitar a maior parte do seu trazado aos seus novos usos e estender servizos de carácter máis urbano ás zonas en que aínda non existen ou ben a renovar os que presentan deficiencias. Para iso, Política Territorial investirá 8 millóns de euros na humanización de máis de 5,5 quilómetros de ambas as vías.

Tanto a estrada de Catabois como a de Castela son importantes arterias de entrada e saída da cidade de Ferrol, con densidades de tráfico que superan os 22.000 vehículos diarios. No caso da estrada de Catabois, as obras previstas dividiranse en dous treitos. O primeiro abrangue desde a praza de Canido ata a glorieta do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide, ao longo duns 3 quilómetros nos que se reordenará e adecuará o contorno apostando pola coexistencia de vehículos e peóns, cunha definición equilibrada dos usos das rúas que permita mellorar a súa seguridade viaria. No segundo treito, dun quilómetro ata a rotonda no límite municipal con Narón, na zona do Muíño do Vento, a intervención será de menor alcance e acometerase en función das necesidades concretas de cada punto de xeito que permita acadar unha maior seguridade e comodidade da circulación.

A estrada de Castela, pola súa banda, recibirá un tratamento similar á de Catabois no seu treito máis urbano. Neste caso os traballos realizaranse en todo o percorrido da estrada polo ámbito municipal, ao longo de 1.580 metros.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a CPTOPT achegará os 8 millóns necesarios para acometer a obra, elaborará o proxecto técnico e contratará e dirixirá as obras. Pola súa banda, o Concello de Ferrol facilitará os terreos e permisos necesarios para executar os traballos e asumirá a titularidade e mantemento futuro de ambos os treitos.

## **XUNTA, CONCELLO E AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN INVISTEN 7,7 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA AVENIDA DE OURENSE**

- ***A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará case 5 millóns de euros para este proxecto***
- ***O Consello da Xunta autorizou o convenio para mellorar a integración desta estrada nos espazos urbanos e portuarios lindantes***



A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes colaborará co Concello de Marín e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra na mellora da seguridade viaria da avenida de Ourense, no núcleo urbano da citada vila. O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio segundo o cal Política Territorial achegará 4.991.707 euros para financiar os traballos que se executarán na zona, e que suporán un investimento total por parte das tres administracións de preto de 7,7 millóns de euros.

As actuacións previstas no treito obxecto deste acordo buscan mellorar a seguridade viaria nunha zona en que se incrementou notablemente a mobilidade urbana como consecuencia das diversas actuacións levadas a cabo no espazo portuario lindante coa estrada N-550 e coa zona urbana do núcleo de Marín. Ante a inminente construción do futuro acceso ao porto e ao aparcadoiro do centro de ocio de Marín, é necesario acometer a reforma do tramo da avenida de Ourense do que partirá o citado acceso, reforma que afectará tamén ás beirarrúas do Paseo Marítimo integradas na zona de servizo do Porto de Marín.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a CPTOPT comprométese a achegar o antedito financiamento de preto de 5 millóns de euros. A Autoridade Portuaria de Marín será a encargada de redactar o proxecto técnico e de contratar e dirixir as obras, así como de participar no seu financiamento con 2.305.042 euros. Pola súa banda, o Concello de Marín deberá achegar outros 382.800 euros e aprobar o proxecto técnico que elabore a Autoridade Portuaria. Tanto a Autoridade Portuaria como o Concello deberán facilitar os terreos necesarios para executar as obras e asumir o mantemento posterior dos espazos que queden dentro das súas respectivas áreas de competencia.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes asume a maior parte do financiamento destas obras (o 65 por cento) como parte dos seus obxectivos de mellora da rede viaria de Galicia e ordenación do territorio de xeito que os usuarios dispoñan dunha rede viaria eficaz, cómoda e segura, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura dun desenvolvemento harmónico.

## **O GOBERNO GALEGO COLABORA CO CONCELLO DE CULLEREDO NA REALIZACIÓN DE DIVERSAS OBRAS DE SEGURIDADE VIARIA**

- ***A Xunta investirá un total de 900.000 euros para acometer unha serie de actuacións na vila e no seu contorno***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Culleredo para acometer unha serie de obras destinadas a mellorar a seguridade das infraestruturas viarias do municipio, concretadas nas seguintes actuacións:

- Construción, reparación e modificación de beirarrúas en Vilaboa
- Pasarela peonil no Burgo



- Acondicionamento da senda peonil en Sueiro-Sésamo
- Acondicionamento da senda peonil en Vinseira-Celas-Peiro

As obras que se levarán a cabo responden á necesidade de compatibilizar as necesidades de mobilidade dos distintos usuarios das vías e mellorar as condicións de seguridade viaria dos seus desprazamentos e, especialmente, as dos peóns nunha zona amplamente transitada. Para tal fin, a CPTOPT achega un importe de 900.000 euros, mentres que o concello de Culleredo encargárase de levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras e asumir, unha vez finalizadas, a explotación, mantemento e conservación destas e os seus servizos.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que os usuarios dispoñan dunha rede viaria eficaz, cómoda e segura, así como unha condicións de condución coas mesmas características, mellorando e facilitando o acceso aos distintos equipamentos, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura dun desenvolvemento harmónico.

## **A XUNTA DE GALICIA ASUME PARTE DO MANTEMENTO DO ÚLTIMO TREITO DA AP-53 A CAMBIO DE QUE POIDA SER EMPREGADO GRATIS POLOS USUARIOS DA NOVA AUTOVÍA SANTIAGO-A RAMALLOSA**

- ***O Consello autoriza o convenio entre a Xunta, o Estado e a concesionaria para que os 2,13 quilómetros finais da AP-53 Santiago-Dozón dispoñan de tres carrís por sentido e sexan comúns para a autovía AG-59 Santiago-A Ramallosa***
- ***A nova autovía Santiago-A Ramallosa, que entrará en servizo nos vindeiros meses, supón un investimento de preto de 74 millóns de euros***

O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e a concesionaria da autoestrada AP-53 Santiago-Dozón que permite que o seu último treito poida ser empregado libre de peaxe polos usuarios da nova autovía autonómica AG-59 Santiago-A Ramallosa. O convenio regula as condicións en que se conectará a nova autovía coa autoestrada. O enlace, así como a ampliación a tres carrís da AP-53 no treito común, supón un investimento por parte da Xunta de Galicia



de 2,7 millóns de euros. As obras de enlace xa están en marcha e está previsto que rematen, entrando así en servizo toda a AG-59, nun prazo de tres meses.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a Xunta compensará a concesionaria unha parte do mantemento dese treito común de 2,13 quilómetros da AP-53 polo que tamén circularán gratuitamente os vehículos que empreguen a AG-59. As estimacións do custo de mantemento anual que deberá achegar a CPTOPT sitúanse nalgo máis de 40.000 euros. Esta contía, que se obtén en función do número de vehículos que empregarán a AP-53 para acceder á AG-59, será revisada anualmente en función do IPC.

A AG-59 Santiago-A Ramallosa, que constrúe a Consellería de Política Territorial, ten unha lonxitude de 6,1 quilómetros no tronco principal e inclúe 4,2 quilómetros de ramais de enlace. Esta autovía preséntase como unha alternativa á actual estrada convencional AC-841 Santiago-A Estrada.

A autovía ten un orzamento de 71,1 millóns, aos que hai que engadir os 2,7 millóns do seu enlace coa AP-53, e discorre polos termos municipais de Santiago de Compostela e Teo. Conta con dous carrís en cada sentido repartidos entre dúas calzadas de 11 metros máis unha mediana de dous metros. Disporá de enlaces en Cacheiras, A Ramallosa, Os Tilos e a N-525. Ademais, a obra prevé actuacións sobre a estrada AC-841 Santiago-A Estrada en 853 metros en que se realizou unha rectificación das curvas, a urbanización dos falsos túneles e a habilitación de zonas verdes, espazos libres, área de xogos ou deportivas, rede viaria e aparcadoiros.

## **O VINDEIRO ANO ACADÉMICO 2008-2009 ESTARÁN EN FUNCIONAMENTO EN GALICIA 29 CENTROS OFICIAIS DE ENSINANZA DE IDIOMAS**

- ***Educación porá en marcha 6 novas seccións das escolas oficiais de idiomas nos concellos de Ribeira, Ordes, Cedeira, Pontearreas, A Estrada e Pontevedra***

O Consello da Xunta deulle o visto e praxe ao proxecto de acordo sobre a autorización do funcionamento de extensións das escolas oficiais de idiomas (EOI) que permitan a oferta de prazas para a ensinanza de inglés en distintos municipios da Comunidade galega. Deste xeito, o vindeiro curso 2008-2009 serán un total de 6 as novas seccións das EOI que se porán en marcha.

Así, o Consello da Xunta autorizou o funcionamento de seccións das escolas oficiais de idiomas (EOI) en Ribeira, Ordes, Cedeira, Pontearreas, A Estrada e Pontevedra para o vindeiro curso 2008-2009. Estas extensións súmanse ás autorizadas para o curso 2007-2008 nos concellos de Noia, Santiago de Compostela, Cee, Culleredo, Carballo, O Carballiño, O Barco de Valdeorras, Verín, Lalín, Cangas, Tui e Vigo.

Ademais, a Comunidade galega conta con 11 escolas oficiais de idiomas na Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Viveiro, Ourense, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa, polo que en total o vindeiro ano académico serán 29 os centros oficiais de ensinanza de idiomas.



O funcionamento destas seccións está cofinanciado con cargo a un convenio co Ministerio de Educación, para o incremento da oferta de prazas de inglés nas Escolas Oficias de Idiomas. Deste xeito, o investimento do Ministerio en 2007 foi de 593.574 euros, e para o ano 2008 esta cifra ascende a 1.780.722 euros. Esta contía irá destinada a sufragar os custos de persoal dos 18 xefes de extensión e dos 42 profesores destas seccións.

Un total de 22.564 alumnos e alumnas cursaron estudos de idiomas en escolas oficiais no ano académico 2007-2008.

## **A XUNTA DE GALICIA E O MINISTERIO DESTINAN UN TOTAL DE UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS PARA A MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES**

- ***O Consello da Xunta autorizou unha addenda ao convenio asinado entre o Ministerio de Educación e a Consellería para este fin, en virtude da cal cada Administración realiza unha achega de 644.121 euros***
- ***Estes fondos destínanse á actualización e adecuación das bibliotecas, á dotación de material informático e á formación do profesorado***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia para a mellora das bibliotecas escolares. Deste xeito, o Ministerio achega á Administración educativa galega un total de 644.121 euros, que neste ano 2008 se destinan á mellora das bibliotecas de ensinanzas artísticas, escolas oficiais de idiomas e centros de educación especial. A Consellería de Educación achegará outros 644.121 euros, en dúas anualidades: 200.000 euros no ano 2008 e 444.121 euros no ano 2009.

Estes fondos destínanse a accións de mellora e actualización das bibliotecas adecuándoas ás ensinanzas que se imparten nos centros, así como a dotación de mobiliario e material informático e multimedia, a reformas das instalacións e a programas de formación do profesorado sobre xestión documental e bibliotecaria.

Así, cada un dos centros de ensinanzas artísticas e escolas oficiais de idiomas dependentes da Administración educativa recibirán 5.000 euros, e os centros específicos de educación especial 2.000 euros, que se investirán en dotacións bibliográficas,





reproducións de audio e video e documentación en soportes informáticos das súas bibliotecas.

Ademais da mellora das bibliotecas destes centros escolares, continuarase coas actuacións de mellora levadas a cabo nos centros do ensino primario e secundario e da formación profesional nos anos 2006 e 2007. Así, a Consellería de Educación e o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte prestan unha atención prioritaria aos factores que favorecen a calidade da educación, como a dotación de recursos educativos, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas.

## **O GOBERNO GALEGO INVISTE 100.000 EUROS EN BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN MUSICAL NO ESTRANXEIRO**

- ***En total a Administración educativa galega convoca 10 bolsas de 10.000 euros cada unha***
- ***As axudas destínanse aos titulados polos conservatorios superiores de Galicia, para a súa especialización no eido da interpretación musical***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde pola que se convocan bolsas para a realización de estudos no estranxeiro de especialización no ámbito da interpretación musical e a plurianualidade do gasto nela previsto. Así, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca un total de 10 bolsas para a realización de estudos específicos de especialización en interpretación musical, cunha dotación de 10.000 euros cada unha, polo que o investimento total ascende a 100.000 euros.

A finalidade destas axudas é contribuír a lograr a máis alta capacitación profesional dentro do proceso de formación e especialización de estudos dos titulados superiores de música polos conservatorios superiores de música de Galicia.

Poden optar a estas bolsas aqueles menores de 26 anos que sexan titulados superiores de especialidades instrumentais de música polos conservatorios superiores de música de Galicia, e tamén os alumnos/as que unicamente teñan pendente o concerto de fin de carreira. Nos dous casos os aspirantes deben estar admitidos ou preadmitidos en niveis de posgrao ou cursos de especialización equivalentes para o curso 2008-2009 nalgún centro de estudos superiores de música fóra do Estado español. As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes logo da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.



Os aspirantes deben presentar, ademais da información persoal e académica pertinente, unha memoria explicativa do proxecto de estudos que se van realizar, unha gravación recente do solicitante de 15 minutos de duración e un programa libre para a concerto da proba práctica.

Para o proceso de selección establecerase unha comisión de expertos nomeados pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e desenvolverase en dúas fases: a primeira, de carácter eliminatorio, consiste nunha preselección dos candidatos en base á nota media do expediente académico e á gravación. A segunda fase é unha proba práctica de carácter público na que deberán interpretar o programa do concerto presentado na solicitude.

Deste xeito, a Administración educativa galega favorece o desenvolvemento de cursos de posgrao de interpretación musical coas máximas garantías de éxito e, ao mesmo tempo, sitúa as ensinanzas musicais ao mesmo nivel que as ensinanzas universitarias europeas, coas que deben confluír nos eidos da creación, a interpretación e a investigación nesta materia.



## **O EXECUTIVO AUTONÓMICO ACHEGARÁ 230.000 EUROS PARA A REURBANIZACIÓN DA AVENIDA CASTELAO DE MUROS**

O Consello da Xunta probou a achega de 230.000 euros para a reurbanización da Avenida Castelao de Muros. Esta actuación –que foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta– enmárcase dentro dos plans de promoción do turismo histórico en Galicia e o fomento do patrimonio tradicional existente no concello de Muros. Desta maneira refórzase o desenvolvemento turístico e económico do propio municipio e os valores ambientais e culturais do noso país.

Este proxecto, que se desenvolverá ao longo deste ano e o vindeiro 2009, ten catro plans de actuación principais. En primeiro lugar a recualificación do espazo urbano, redefinindo os límites que contribúan a clarificar e facilitar o seu uso peonil; en segundo lugar unha nova elección dunha pavimentación axeitada cun material de calidade; en terceiro, a resolución de instalacións de recollida de augas de escorrentías e de iluminación; e por último, manter os elementos do mobiliario urbano e de xardinaría existentes que se consideren os adecuados para o contexto. Con estas medidas necesarias búscase a mellora e a potenciación da arquitectura tradicional do concello de Muros a través de proxectos de mantemento e mellora das súas infraestruturas.



## **A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 835.000 EUROS PARA MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS DOS CONCELLOS DE OUTES, CARRAL E SAN SADURNIÑO**

A Consellería de Innovación e Industria asinará tres convenios de colaboración cos concellos de San Sadurniño, Outes e Carral, para a mellora das infraestruturas turísticas destes municipios. A Consellería encadra estes convenios, que foron autorizados polo Consello da Xunta, na súa política de ordenación e promoción das actividades relacionadas co turismo en xeral e a conservación, protección e mellora dos recursos turísticos.

Deste xeito, o convenio co Concello de San Sadurniño centrarase na recuperación e proxección do xardín do Pazo da Marquesa. Na actualidade, o edificio está en desuso, aínda que conserva os xardíns que son o seu principal atractivo, que dada a súa antigüidade, posúen unha rica e variada flora. Con este convenio, recuperarase a zona da burga e dotaranse os xardíns de elementos de recreo tales como a reconstrución dos seus estanques e canais e a reconstrución da zona de xogos, co fin de crear un novo espazo de ocio alternativo. O convenio contará cunha achega da Consellería de 173.725 euros.

O acordo co Concello de Outes permitirá recuperar o núcleo tradicional en San Cosme a través da realización dos empedrados das rúas que tradicionalmente eran de paso obrigado para aquelas persoas que dende o interior ou mesmo desde as parroquias interiores de Outes ían vender as súas mercadorías a Noia. O empedrado potenciará o alto valor turístico do conxunto de vivendas e tamén a zona, xa que nesta parroquia atópase a máis importante estrutura de verán para o turismo clásico como é a praia de Broña. A achega da Consellería para acometer o proxecto alcanza os 232.000 euros.

Por último, a Consellería achegará 430.000 euros para a posta en marcha dun centro de visitantes no castro das Travesas, no concello de Carral. Este enclave é un xacemento castrexo excepcional dentro do ámbito da comarca da Coruña debido ao magnífico estado de conservación e as súas grandes dimensións. A súa revalorización, cun centro para visitantes, impulsará o coñecemento do castro, acrecentará o nivel de satisfacción dos visitantes e usuarios do Camiño Inglés, e suporá unha mellora no Campo das Travesas, que conta con importantes bens naturais e culturais, como a capela de San Roque.



## **A XUNTA DE GALICIA ACHEGARÁ MÁIS DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR AS EXPORTACIÓNS GALEGAS**

O Goberno galego achegará un total de 1.475.710 euros para desenvolver o Plan de Fomento das Exportacións Galegas 2008 (FOEXGA). Este ano contará cun orzamento global de 4.362.420 euros, dos que outros 1.583.960 euros serán achegados polas Cámaras e os 1.302.750 euros restantes polas empresas. Así se recolle no convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación que autorizou hoxe o Consello da Xunta.

O obxectivo primordial do FOEXGA é conseguir un posicionamento máis competitivo nos mercados exteriores das empresas galegas e dos seus produtos e servizos, mediante a procura dunha maior diversificación, fomentando e consolidando as empresas galegas no exterior, facilitando formación e información cualificada e acadando unha maior promoción internacional do turismo de Galicia.

Nesa liña, o convenio abrangue diversas actuacións como a asistencia a aquelas feiras internacionais que presenten un especial atractivo para os produtos galegos, a celebración de encontros empresariais, a exposición de catálogos de empresas no exterior, a edición, publicación e outras accións promocionais sobre o comercio internacional ou presentacións, exposicións, mostras e eventos similares.

Así mesmo, prevense dous tipos de misións comerciais. Por un lado están as misións comerciais directas de estudo, que teñen como obxectivo coñecer aqueles mercados que presenten posibilidades de penetración para os produtos galegos e analizar a súa viabilidade. Por outra banda, atópanse as misións inversas, que buscan a captación de compradores e distribuidores estranxeiros ou prescitores de opinión para que coñezan as empresas e produtos galegos.

Por último, prevese tamén a actuación de promotores de negocios no exterior, que terán como fin prestar servizos de apoio, asistencia e asesoramento ás actividades de exportación e internacionalización da economía galega. Os servizos a prestar concéntranse na asistencia e apoio ás accións de promoción comercial, en tarefas de prospección de mercados e identificación de oportunidades de negocio nos ámbitos económico-comercial e de cooperación empresarial, e no asesoramento e información comercial sobre os mercados.

## **A ROMARÍA DA NOSA SEÑORA DOS MILAGRES DE CAIÓN E A FESTA DA CASTAÑA E DOS COGOMELOS DE RIÓS SERÁN DECLARADAS COMO FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO**



O Consello da Xunta declarou hoxe a instancias da Consellería de Innovación e Industria a Romaría da Nosa Señora dos Milagres de Caión, no concello da Laracha, e a Festa da Castaña e do Cogomelo, de Riós, como Festas de Interese Turístico.

A Romaría da Nosa Señora dos Milagres de Caión, ademais de polos seus valores culturais e artísticos, destaca fronte o resto de romarías pola súa antigüidade, xa que se remonta ao século XVI. E tamén pola súa singularidade, pola presenza da auga do manancial próximo á ermida no que os participantes enchoupan centos de panos que engalanan a arquitectura da fonte e que deben secar ao sol.

Pola súa banda, a Festa da Castaña e do Cogomelo de Riós consta de características propias como a antigüidade, xa que a súa celebración se remonta aos típicos magostos ourensáns de mediados dos oitenta; e tamén a singularidade que a fai definitoria como unha festa gastronómica que dá a coñecer un dos produtos típicos de Galicia e que conta co Centro da Interpretación da Castaña no que se levan a cabo exposicións relacionadas con estes produtos.

## **O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DECLARAR A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DO TRAMO OURENSE-LALÍN SOBRE A COMUNIDADE DE MONTES DE DADÍN EN OURENSE**



- ***O Goberno galego declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de construción do tramo Ourense-Lalín, subtramos Carballiño-O Irixo e O Irixo-Lalín (Abeleda) sobre a do monte veciñal en man común “Xugo da Bola” da comunidade de Dadín, en Ourense, promovido polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).***

O Consello da Xunta ratificou un informe favorable da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que as comunidades afectadas presentasen alegacións e estas foran desestimadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense por considerar que non se referían á zona expropiada. Así, emítase informe favorable sobre a prevalencia de utilidade pública do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie de afección de 53.973 m<sup>2</sup> no monte veciñal en man común Xugo da Bola, da comunidade de Dadín, na provincia de Ourense.

A aprobación deste proxecto supón a expropiación forzosa do monte veciñal, feito que só se efectuará por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ao das comunidades. Ademais, a Lei do sector ferroviario regula o desenvolvemento de servizos que impulsen a cohesión territorial, económica a social, a construción de novas infraestruturas e establece os criterios para que a prestación dos servizos ferroviarios se realice de xeito eficaz e continuo e en condicións de seguridade idóneas.

## **BOTA A ANDAR A CATALOGACIÓN UNIVERSAL DA OBRA DE CASTELAO, QUE SE CALCULA NUNHAS 3.000 PEZAS ESPAREXIDAS POR TODO O MUNDO**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio coa Fundación Castelao***
- ***Os fondos destinados a esta labor de compilación do escritor de Rianxo ascenden a 300.000 euros***
- ***O acordo inclúe a dixitalización da súa obra***



O Consello da Xunta vén de autorizar o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Fundación Castelao que vai permitir a catalogación universal da obra do escritor rianxeiro. A ratificación deste acordo supón o comezo dunha das labores de compilación máis difíciles, debido ás características da obra deste escritor: moi ampla e diversa así como repartida por diferentes países.

A dificultade de localización e compilación de todo o material creativo do escritor galego, así como de fotografías ou gravacións nas que apareza, levou á Consellería a investir 300.000 euros neste convenio, mentres que a Fundación Castelao se comprometeu a elaborar un catálogo dixital que estará a disposición do público no Arquivo Nacional da Cidade da Cultura.

O proxecto, coordinado polo vicepresidente da Fundación, o historiador Miguel Anxo Seoane, conta cun grupo de 5 especialistas que está acudindo tanto a institucións públicas coma privadas que garden parte da obra do galeguista, a hemerotecas xornalísticas e mesmo coñecidos na procura da obra inédita dun dos pais do nacionalismo galego.

A obra do rianxeiro está integrada por colaboracións literarias, creacións en prosa, textos teatrais, artigos, discursos parlamentarios, cartas, manuscritos, debuxos... pero ademais repartidos polos lugares nos que foi transcorrendo a súa vida: Galicia, Madrid, Arxentina, Estados Unidos, Cuba, Montevideo, México, Chile ou Venezuela.

### **En Galicia e na diáspora**

Para garantir a máxima rigorosidade no estudo e a compilación o máis exhaustiva posible, o equipo integrante desta investigación dividiuse entre 5 cidades ao longo deste ano para estudar o paso e creación de Castelao por elas. Unha é Vigo, onde se quere verificar o que hai deste autor na Fundación Penzol, con especial interese na densa variedade de colaboracións que desenvolveu con distintas publicacións, como *El Barbero Municipal*, *Vida Gallega*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *El Pueblo Gallego...* e tamén para recoller os case 800 debuxos publicados en Faro de Vigo e o xornal Galicia.

Outro dos puntos é Santiago de Compostela, de onde se extraerá material gardado entre a Biblioteca Xeral, a Facultade de Xeografía e Historia e o Instituto Padre Sarmiento. Na Coruña a investigación desenvólvese nos fondos do Museo de Belas Artes, da Real Academia Galega e da Fundación Caixa Galicia; mentres que en Lugo o estudo desprázase ao Museo de Lugo e a Biblioteca Provincial.

Complétase o percorrido vital do galeguista cunha última parada onde tamén deixou a súa pegada: Madrid. Os lugares onde se atopan pezas de Castelao son o Arquivo de Alcalá de Henares e a Biblioteca Nacional, que ata agora tiña o privilexio de ser a única que custodiaba pezas de Castelao en exclusiva.





Durante o vindeiro ano, a investigación cruza o Atlántico para analizar a actividade do galeguista no exilio, onde se espera atopar a metade da súa obra, da que se calcula existen cerca de 3.000 pezas por todo o mundo.

A compilación da obra de Castelao é unha das iniciativas máis importantes para a Consellería de Cultura polo que ten de salvagarda do patrimonio cultural galego disperso na diáspora.

## **A XUNTA ACHEGA 15 MILLÓNS DE EUROS PARA O FINANCIAMENTO DO CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA ENTRE AGOSTO DE 2008 E XULLO DE 2009**

O Consello da Xunta de Galicia acordou a prórroga do contrato-programa asinado en agosto de 2004 entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro de Transfusión de Galicia, para establecer as prestacións sanitarias, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria que realizará o centro de hemodoazón de Galicia, para o período comprendido entre o 1 de agosto de 2008 e o 31 de xullo de 2009.

O compromiso económico imputarase ao Servizo Galego de Saúde por un importe total de 14.921.500 euros, durante os 12 meses sinalados.

A actividade principal do Centro de Transfusión de Galicia está centrada na subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais públicos galegos. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma), son obtidos por procesos



de separación e realízanse sobre eles as probas de detección e análise e mais os procesos que fan que sexan máis seguros para o receptor.

## **O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 250.000 EUROS A 20 CONCELLOS GALEGOS PARA O COFINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS**

- ***Un total de 253.000 euros serán distribuídos entre os concellos de Ames, Betanzos, Burela, Lalín e Rábade e as mancomunidades do Baixo Miño e Celanova***
- ***Con estes convenios a Consellería de Sanidade amplía a súa aposta pola prevención en materia de drogodependencias, tras a posta en marcha de catro programas e unha campaña de sensibilización***

O Consello da Xunta aprobou o destino, a través da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, dun total de 253.000 euros a convenios de cooperación para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias con distintos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta cantidade distribuirase en dúas anualidades (2008-2009) de 189.000 e 64.000 euros, respectivamente, entre os concellos de Ames, Betanzos, Burela, Lalín e Rábade e as mancomunidades do Baixo Miño (formada polos municipios da Guarda, Oia, O Rosal,



Tomiño e Tui) e Celanova (integrada pola Bola, Cartelle, Celanova, Padrenda, A Merca, Gomesende, Ramirás, Pontedevea, Quintela de Leirado e Vereá).

O orzamento destinado oscilará entre os 50.000 euros concedidos á Mancomunidade do Baixo Miño e os 22.000 euros outorgados á Mancomunidade de Celanova.

Os programas de prevención serán desenvolvidos ata o 30 de xuño de 2009 nos eidos da información-formación, escolar, familiar, xuvenil e/ou laboral.

<b>CONCELLO</b>	<b>ANUALIDADE 2008</b>	<b>ANUALIDADE 2009</b>	<b>FINANCIACIÓN 2008/2009</b>
AMES	26.250	8.750	35.000
MANCOMUNIDADE DO BAIXO MIÑO	37.500	12.500	50.000
BETANZOS	30.750	10.250	41.000
BURELA	30.000	10.000	40.000
MANCOMUNIDADE DE CELANOVA	16.500	5.500	22.000
LALÍN	30.000	10.000	40.000
RÁBADE	18.000	7.000	25.000
<b>TOTAL</b>	<b>189.000</b>	<b>64.000</b>	<b>253.000</b>



### **Aposta pola prevención**

Coa autorización destes convenios, a Consellería de Sanidade amplía as súas actuacións en materia de prevención das drogodependencias tras a posta en marcha de catro programas (*Cambio de sentido*, dirixido ás autoescolas, *Ao alcance*, orientado ao mundo laboral, *Penélope*, centrado en achegar a perspectiva de xénero, e *Educación para a saúde na escola*) e unha campaña de sensibilización (*¿E se che toca a ti?*) neste eido.

Con estes catro novos son xa 18 os programas estruturados que se coordinan desde a Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería, o que incrementou dun 70 a un 85 por cento a cobertura sobre o total da poboación.

## **A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA OS DISPOSITIVOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN AOS ENFERMOS MENTAIS**



▪ ***Abrirá dous novos centros de rehabilitación psicosocial e laboral e cinco novos pisos tutelados***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o Servizo Galego de Saúde a ampliar os dispositivos complementarios de reserva e ocupación de prazas de enfermos con trastorno mental grave e persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación. Para iso, a Sanidade pública galega subscribirá cláusulas adicionais aos concertos establecidos con distintas asociacións e fundacións.

Grazas a este acordo, a Consellería vai poñer en marcha dous novos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, en Guitiriz e Betanzos, con 15 prazas cada un, así como cinco novos pisos tutelados, en Noia, Lugo, Vilagarcía de Arousa, e dous en Ourense, con cinco prazas cada un, todos eles destinados a persoas con enfermidades mentais.

Estas medidas enmárcanse dentro do Plan Estratéxico de Saúde Mental, posto en marcha no ano 2006.

O número de centros de rehabilitación psicosocial pasan a ser pois, 25, cun total de 819 prazas (en 2005 eran 21 con 650 prazas).

Pola súa banda, o número de pisos tutelados pasan a ser 39, con 173 prazas (en 2005 eran 31, con 135 prazas). Polo que respecta ao número de unidades residenciais son catro con 80 prazas, mentres que en 2005 eran tres con 20 prazas.

Todos estes dispositivos complementarios van aumentando en función das necesidades detectadas e da dispoñibilidade financeira e técnica, procurando evitar desequilibrios de cobertura nas distintas áreas.

O orzamento destinado neste ano a estes recursos ascende a 4,2 millóns de euros, o que supón un incremento respecto de 2005 de preto do 90 por cento, e case que un 20 por cento respecto do ano pasado.

## **O GOBERNO GALEGO E A REPÚBLICA DE MOZAMBIQUE COLABORARÁN EN MATERIA PESQUEIRA E ACUÍCOLA**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun Memorando de Entendemento entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Ministerio das Pescas do país africano***



- ***A cooperación entre as dúas administracións estará fundamentada na solidariedade, a complementariedade, a reciprocidade e a sustentabilidade***

O Goberno galego e a República de Mozambique colaborarán en materia pesqueira e acuícola, particularmente no que se refire a proxectos de asistencia técnica, transferencia de tecnoloxía, formación e reforzo institucional. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun Memorando de Entendemento entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Ministerio das Pescas do país africano, que estará vixente durante dous anos e que se prorrogará de forma automática por períodos iguais a non ser que algunha das partes manifeste o contrario.

O devandito protocolo recollerá liñas de actuación xerais que se centran no apoio ao sector da acuicultura, á actividade pesqueira e a outras máis específicas, que xiran arredor da prestación de asistencia técnica para levar a cabo diferentes iniciativas no país africano. Concretamente, e dentro destas últimas, atópanse a promoción do asociacionismo; o fortalecemento da formación marítimo-pesqueira; o reforzo dos sistemas de seguimento e inspección sanitaria dos produtos da pesca artesanal e semi-industrial; o cultivo de algas mariñas na provincia de Cabo Delgado; e o desenvolvemento da acuicultura continental de modo piloto na provincia de Niassa.

A colaboración entre as dúas partes estará fundamentada na solidariedade, entendida como o compromiso de apoiarse mutuamente e realizar esforzos para acadar o desenvolvemento sustentable social, económico e ambiental e a atención ás necesidades emerxentes. Ademais, rexerase pola cooperación, interpretada como a disposición de avanzar en relacións comerciais orientadas a alianzas estratéxicas que proporcionen reciprocidade de beneficios, e a complementariedade, vista como o compromiso de identificar proxectos que permitan a integración e as sinerxias das capacidades de acordo coas potencialidades e intereses comúns.

Así mesmo, atenderase á reciprocidade, entendida como a obriga de establecer unha relación baseada nas contraprestacións xustas, tomando en consideración os principios de boa fe e as asimetrías entre institucións, así como á sustentabilidade, interpretada como o compromiso de identificar e executar programas de cooperación orientados ao desenvolvemento.

### **Comisión de Seguimento**

O Memorando de Entendemento que asinarán a Consellería de Pesca e o Ministerio das Pescas de Mozambique terá natureza de acordo non normativo e establecerá a designación dunha Comisión de Seguimento. Este órgano estará integrado por tres representantes de cada unha das partes e encargarase de resolver as dúbidas que xurdan e verificar o grao de execución do protocolo, á vez que definirá e avaliará novos proxectos, accións e aspiracións.



Ademais, para a posta en práctica de programas e actividades que outorgan contido á colaboración entre a Xunta e a República mozambicana, os asinantes formalizarán outros acordos non normativos específicos, correspondendo á Comisión de Seguimento determinar o seu obxectivo, o programa de traballo, o orzamento total e os medios materiais requiridos.

Cabe sinalar que neses convenios específicos se fixará a contía correspondente á participación de cada unha das institucións, a dirección técnica das actuacións, a necesidade de financiadores adicionais de ser precisa e calquera outro aspecto que se considere relevante.

## **A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 700.000 EUROS NO SANEAMENTO E A MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DOS CONCELLOS DE QUIROGA, PEDRAFITA DO CEBREIRO (LUGO)**

- ***O concello de Quiroga contará cunha nova estación de tratamento de auga potable e obras de mellora na rede de abastecemento***
- ***En Pedrafita do Cebreiro investiranse 365.714 euros no saneamento de Liñares e na construción dunha nova depuradora***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará obras de mellora nas redes de abastecemento e depuración dos concellos lucenses de Quiroga, Pedrafita



do Cebreiro. As actuacións, aprobadas está mañá polo consello da Xunta, suman un investimento total de 735.148 euros.

### **Quiroga**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 369.434 euros en adaptar as instalacións de abastecemento de auga do Concello de Quiroga para garantir o servizo de abastecemento ao crecemento poboacional.

As actuacións inclúen a captación no Rego do Faro cunha condución de 9.513 metros, unha estación de tratamento de auga potable (etap) para caudal de 10 litros por segundo, un depósito e a conexión do existente coa rede de distribución, que terá unha lonxitude de 1.175 metros.

As obras teñen un orzamento de 410.483 euros e serán financiadas pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Quiroga. A Administración hidráulica aportará o 90% do orzamento, 369.434 euros; mentres que o concello investirá o 10% restante, 41.048 euros.

O prazo de execución das obras, que se financiarán con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano, é de doce meses.

### **Liñares e Pedrafita (Pedrafita do Cebreiro)**

A Consellería de Medio Ambiente desenvolverá tamén actuacións de mellora no servizo de saneamento de Liñares e Pedrafita, no concello de Pedrafita do Cebreiro. As actuacións contan cun orzamento de 365.714 euros e un prazo de execución de tres meses.

En Liñares, un dos núcleos de referencia do Camiño de Santiago, realizarase unha rede de saneamento de 1.069 metros de lonxitude e 37 pozos de rexistro. Ademais, construírse un sistema de depuración das augas preparado para unha poboación de 100 habitantes.

En Pedrafita as obras inclúen tamén a construción dun nova depuradora de augas residuais, que proxectada para dar servizo a 500 habitantes.





## **A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 605.378 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUNHA DEPURADORA E A MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DO BARQUEIRO, NO CONCELLO CORUÑÉS DE MAÑÓN**

- ***O prazo de execución das obras é de 6 meses***

O Goberno galego investirá 605.378 euros nas obras de saneamento e depuración do Barqueiro, situado no concello coruñés de Mañón.

O investimento, aprobado esta mañá no Consello da Xunta, inclúe unha depuradora preparada para 1.000 habitantes no núcleo do Barqueiro que actualmente non dispón de estación depuradora para as augas residuais. As obras tamén recollen a separación das augas pluviais das fecais e un aliviadoiro para as pluviais.

As actuacións teñen un orzamento de 605.378 euros, que serán financiados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. O investimento realizarase en dúas anualidades: 405.378 euros no ano 2008 e 200.000 euros en 2009.

As obras de saneamento e depuración do Barqueiro teñen un prazo de execución de 6 meses.



## **O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 450.000 EUROS NA RECUPERACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS NATURAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

- ***As actuacións permitirán mellorar as áreas fluviais dos ríos Tea, Aboal e Alén, en Mondariz; do río Tamuxe, no Rosal; as gándaras de Budiño, en Salceda de Caselas; e a área recreativa da Freixa e a senda do río Tea, en Pontearreas***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 457.000 euros á recuperación e mantemento de espazos naturais na provincia de Pontevedra, segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta. Así, levaranse a cabo actuacións no entorno dos ríos Tea, Aboal e Alén, en Mondariz; no río Tamuxe, no Rosal; nas gándaras de Budiño, en Salceda de Caselas; e na área recreativa da Freixa e na senda do río Tea, en Pontearreas.

### **Adecuación ambiental do río Tamuxe**

A adecuación do tramo final do río Tamuxe, ao seu paso polo concello do Rosal, consistirá na mellora da rede de saneamento das augas residuais e a rehabilitación da ruta natural fluvial existente nas proximidades. Para isto, a consellería investirá 37.999,97 euros este ano e 100.000 máis en 2009.

Deste xeito, construíranse tres ramais de saneamento de 418 metros que conectarán co colector xeral do Rosal, que conduce as augas ata a EDAR, e realizarase un bombeo. O



acondicionamento da senda, que terá unha lonxitude de máis de 2,2 quilómetros, unirá varias zonas de interese paisaxístico e lúdico en ambas as marxes do río, polo que se construíra unha pasarela de madeira.

### **Contorno dos ríos Tea, Aboal e Alén, en Mondariz**

A recuperación do entorno dos ríos Tea, Aboal e Alén, en Mondariz, recibirá un investimento de 19.998,17 euros este ano e 100.000 euros máis en 2009 que permitirán levar a cabo actuacións de acondicionamento das marxes dos ríos como espazo de lecer. Neste sentido, crearanse máis de 13 quilómetros de sendeiros fluviais que solucionen as dificultades de acceso ás ribeiras e a elementos de patrimonio local, tales como muíños ou canles de rega.

Ademais, os hábitats das marxes destes ríos están catalogadas como de interese comunitario, polo que os traballos se realizarán con medios manuais, respectando a vexetación autóctona da zona e eliminando, na medida do posible, especies exóticas introducidas.

Estes traballos complementarase coa sinalización dos sendeiros e a instalación de paneis informativos, tanto nas rutas como nos ecosistemas naturais existentes.

### **Área recreativa da Freixa e senda do río Tea**

A Consellería de Medio Ambiente colaborará tamén na mellora da área recreativa, composta por unha praia fluvial e un merendeiro, e a senda no contorno do Lugar de Interese Comunitario (LIC) do río Tea, ao seu paso polo concello de Pontearreas, con 99.998,10 euros, dos que 15.000 se investirán este ano e a cantidade restante en 2009.

As actuacións prevén a recuperación ambiental da praia fluvial, coa substitución da area que nas época de chuvia causaba acumulacións de sedimentos no embalse en que está situada, por unha zona de campo, así como solucionar os problemas de arrastre do firme pola auga nalgúns puntos da senda. Ademais, procederase á eliminación de especies invasoras.

### **As gándaras de Budiño**

O concello de Salceda de Caselas levará a cabo a mellora das gándaras de Budiño para recuperar o valor ambiental da zona perdido pola existencia de vertedoiros incontrolados, movementos de terra, a proximidade dunha zona industrial e accións humanas como a introdución de especies invasoras.

Por iso, a consellería investirá 99.769,48 euros na adecuación do espazo, que se realizará mediante traballos de control das especies invasoras, co obxectivo de lograr nuns anos a súa erradicación, a retirada do lixo acumulado e a limpeza do tramo do río comprendido entre a ponte de Aguín e a situada xunto a área recreativa do Muíño, en Tui, onde se preparará unha senda peonil de preto de dous quilómetros. Ademais, crearanse rutas de sendeirismo na zona, que contarán con paneis interpretativos.



## **A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 400.000 EUROS NA RECUPERACIÓN DOS CONTORNOS FLUVIAIS DOS RÍOS SISALDE (ARTEIXO), TÉ (RIANXO) E ANLLÓNS (A LARACHA), NA PROVINCIA DA CORUÑA**

- *A Xunta financiará, con 110.000 euros, as actuacións para a recuperación ambiental dos Boedos, no río Sisalde (Arteixo)*
- *No Concello de Laracha, investiranse 150.000 euros na mellora da área recreativa de Gabenlle*
- *O acondicionamento do contorno natural do río Té (Rianxo) ten un orzamento de 145.708 euros*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, tres convenios para a recuperación e o acondicionamento ambiental dos ríos Sisalde (Arteixo), Té (Rianxo) e da área recreativa de Gabenlle, no contorno do río Anllóns (A Laracha). As actuacións recollidas no acordo suporán un investimento total de 405.711.98 euros nas tres localidades coruñesas, entre este e o vindeiro ano.

### **Recuperación ambiental do río Sisalde (Arteixo)**

A Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Arteixo desenvolverán un convenio para a recuperación ambiental das marxes do río Sisalde, situado na zona dos Boedos (Arteixo) que se atopa actualmente nunha situación de deterioración. A axuda ten por obxecto a defensa e a protección das dúas marxes do río Sisalde e, ao mesmo tempo, o seu acondicionamento como espazo de lecer para que os cidadáns poidan gozar do contorno natural.

As obras inclúen a roza, a limpeza e a retirada de terra para a construción de zonas verdes, así como o saneamento e a canalización das correntes de auga superficiais debido a que o terreo está cruzado por regatos. Entre as actuacións de recuperación dos Boedos recóllese tamén a execución dun sendeiro de 1,5 metros de ancho.



O convenio supón un investimento de 110.003 euros por parte da Consellería de Medio Ambiente, que fará efectivo en dúas anualidades: 15.003 euros no ano 2008, e 95.000 euros no 2009.

### **Acondicionamento do contorno natural do río Té (Rianxo)**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acondicionará o contorno natural do río Té, mediante un convenio de colaboración co Concello de Rianxo. A entidade municipal desenvolverá todas as actuacións para o acondicionamento e a preservación ambiental do tramo do caudal situado entre as pontes de Laxe e de Araño. Deste feito, a execución deste convenio ten como obxectivo a sensibilización da poboación coa conservación e gozo deste espazo natural.

As actuacións de acondicionamento teñen un orzamento de 145.708 euros, que serán financiados pola Consellería de Medio Ambiente con cargo a dúas anualidades: 15.708 euros neste ano, e 130.000 en 2009.

### **Mellora da área recreativa de Gabenlle (A Laracha)**

Tamén na provincia da Coruña, a Xunta vai a acometer, en colaboración co Concello da Laracha, actuacións de mellora e adquisición de equipamentos na área recreativa de Gabenlle, situada no contorno do río Anllóns. O proxecto conta cun orzamento de 149.999 euros, que serán achegados pola Consellería de Medio Ambiente, mentres que o concello se ocupará da execución dos traballos recollidos no convenio.



## **A XUNTA DESTINA 252.049 EUROS Á ACTUACIÓNS AMBIENTAIS NO ESPAZO NATURAL DO PUZO DO LAGO (MASIDE) E NO CONCELLO DE CORTEGADA, NA PROVINCIA DE OURENSE**

- ***A consellería investirá 102.321 euros en actuacións de mellora do espazo natural da localidade de Maside, na comarca do Carballiño***
- ***No Ribeiro, o departamento financiará a limpeza de rutas de sendeirismo, o acondicionamento de áreas de descanso e o acondicionamento de depósitos de auga en Cortegada***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vai investir 252.049 euros na execución de senllos convenios de colaboración cos concellos de Maside e Cortegada, na provincia de Ourense para acometer melloras ambientais. Os acordos foron aprobados hoxe no Consello da Xunta e executaranse con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano. En ambos os casos, os concellos ocuparanse de executar as actuacións previstas, mentres que a consellería financiará o seu custo total.

No caso do Concello de Maside, as actuacións levaranse a cabo no espazo natural do Puzo do Lago, un dos enclaves patrimoniais máis senlleiros desta localidade, pertencente á comarca do Carballiño. A Consellería de Medio Ambiente destinará 102.321 euros á realización dos traballos de mellora, que se centrarán na zona circundante da lagoa co fin de acondicionar a zona para un mellor uso e gozo dos visitantes que se achegan a este espazo natural. O convenio de colaboración prevé, así mesmo, a construción dun observatorio para paxaros, co fin de cubrir as necesidades de ornitólogos e demais persoas que se acheguen á zona.

En Cortegada, o departamento autonómico vai investir 149.728 euros no acondicionamento de depósitos de auga, limpeza de rutas de sendeirismo, acondicionamento de áreas de descanso e a reconstrución de varias fontes públicas. Os proxectos teñen como obxectivo a mellora dos recursos naturais deste municipio da comarca do Ribeiro.



## **A XUNTA COLABORARÁ COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS E O CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EMPRESA-CONCEPTO**

- ***Trátase dun proxecto que persegue a promoción de empresas de base tecnolóxica***
- ***A Consellería de Traballo destinará 250.000 euros á realización desta iniciativa***

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento do programa *Empresa-Concepto*. Trátase dunha iniciativa -froito da actividade investigadora destas 4 institucións- que persegue a promoción de empresas de base tecnolóxica, dinamizando todo o proceso dende a xeración da idea de negocio ata a creación do *spin-off* académico.

*Empresa-Concepto* constitúe un área de negocio independente na estrutura universitaria, cunha xestión personalizada, que permitirá aos grupos de investigación avaliar a viabilidade de iniciativas empresarias innovadoras para a súa futura conversión en empresas de base tecnolóxica.

Ao abeiro deste convenio dotaranse os grupos universitarios de investigación dunha serie de recursos que permitan a posta en marcha dun futuro negocio baseado na comercialización dos seus resultados. Desta maneira, preténdese minimizar os riscos de acceso ao mercado dun proxecto empresarial cun elevado compoñente tecnolóxico.

O orzamento total do programa é de 605.000 euros, dos que a Consellería de Traballo achegará 250.000 euros distribuídos en 3 anualidades. As contías destinaranse, entre outros conceptos, a sufragar os gastos de persoal dos promotores tecnolóxicos en cada un dos grupos que se constitúan. Tamén se empregarán para cubrir os traballos de consultoría, e aqueles gastos correntes que orixine o proceso de avaliación da viabilidade empresarial dos proxectos e a xestión do programa.



## **A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 260.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE CURSOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA EMIGRANTES GALEGOS CON VONTADE DE RETORNO**

- *As actividades formativas estarán dirixidas a aquelas ocupacións en que a oferta de postos de traballo é maior que a demanda*
- *Os acordos subscribiranse co Centro Galego de Bos Aires, o Centro Galicia de Bos Aires, o Centro Galego de Xubilados e Pensionistas da República Arxentina, o Centro Galego de Rosario, a Casa de Galicia de Montevideo e o Centro Ourensán de Montevideo*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de varios convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e centros galegos de Arxentina e Uruguai para promover a formación profesional dos emigrantes galegos con vontade de retorno. En concreto, nesta iniciativa participarán o Centro Galego de Bos Aires, o Centro Galicia de Bos Aires, o Centro Galego de Xubilados e Pensionistas da República Arxentina, o Centro Galego de Rosario, a Casa de Galicia de Montevideo e o Centro Ourensán de Montevideo. Para o desenvolvemento destes acordos a Consellería de Traballo destinará un total e 261.000 euros.

Estas actuacións servirán para continuar co desenvolvemento do *Programa experimental de formación profesional en comunidades galegas do exterior*, que puxo en marcha a Consellería e Traballo no ano 2007. O seu obxectivo é facilitar a integración laboral no mercado galego dos emigrantes con vontade de retorno, sobre todo nas ocupacións en que a oferta de postos de traballo é maior que a demanda.

Neste sentido, a raíz de diversos estudos sobre o mercado laboral en Galicia detectáronse distintas ocupacións en que existen posibilidades de inserción laboral para os demandantes de emprego que posúan a cualificación axeitada. Ademais, a cobertura dos postos de traballo ofertados neste tipo de ocupacións resulta difícil por parte de traballadores da comunidade autónoma.

Por outra banda, tamén se detectou que en distintos países de Sudamérica existe un importante colectivo emigrante de nacionalidade española que ten vontade de retorno pero que non dispón da formación suficiente para alcanzar un traballo digno no noso país. De aí a necesidade de ofrecerlles os mecanismos axeitados para conseguir un incremento da empregabilidade e das posibilidades de inserción laboral, a través da especialización nas demandas laborais do mercado galego.

## **A XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL OS PROXECTOS SECTORIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PARQUES EMPRESARIAIS DE MOS-REDONDELA, A BARBANZA, TAMAGOS-VERÍN, CARBALLEDA DE AVIA E TREMOEDO NO SALNÉS**





- ***O conxunto destas actuacións suporá a creación dun total de 5,5 millóns de metros cadrados de solo empresarial***

O Consello da Xunta declarou de incidencia supramunicipal, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, os proxectos sectoriais para o desenvolvemento dos parques empresariais de Mos-Redondela, a Barbanza, Tamagos-Verín, Carballeda de Avia e Tremoedo no Salnés.

A declaración de incidencia supramunicipal é un trámite necesario para poder desenvolver os proxectos, trámite que unha vez resolto permite á Consellería de Vivenda e Solo seguir avanzando na posta en marcha dun total de 5,5 millóns de metros cadrados de solo empresarial en áreas estratéxicas do país.

O carácter supramunicipal destas cinco novas áreas empresariais baséase na singularidade dos ámbitos, na súa magnitude, nos seus obxectivos e na súa contribución ao reequilibrio territorial.

## **A XUNTA DE GALICIA INVISTE 170.119 EUROS NA REHABILITACIÓN DO CONXUNTO DE FACHADAS TRASEIRAS DA RÚA PENA TREVINCA EN OURENSE**

- ***O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello***



- ***O obxectivo é reducir o impacto visual negativo destas fachadas sobre o Centro Histórico da Cidade, necesidade que xa foi recollida no Plan Especial de Reforma Interior da Zona Histórica***

O Goberno galego inviste 170.119 euros na rehabilitación do conxunto de fachadas traseiras dos nº 24, 26, 28, 30, 32, 34, 36, 38 e 40 da rúa Pena Trevinca, situada na zona histórica do Concello de Ourense. O obxectivo é reducir o impacto visual negativo destas fachadas sobre o Centro Histórico da Cidade, necesidade que xa foi recollida no Plan Especial de Reforma Interior do Casco Histórico.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ourense para levar a cabo esta actuación, que suporá un investimento total de 212.650 euros dos que a Consellería aporta o 80% do total. Pola súa banda, o Concello de Ourense será o encargado de levar a cabo tódalas actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e das autorizacións que sexan necesarias.

### **Obras contempladas**

As obras consistirán fundamentalmente na supresión ou reorganización de elementos superpostos á fachada, dándolles un tratamento conxunto de orde e deseño. Así, eliminaranse os tendais, pintaranse as reixas, as saídas de gases mudaranse por outras novas segundo o deseño, os aparatos de aire acondicionado taparanse con caixóns de chapa perforada, as baixantes descorrerán polo exterior das vivendas, e os canalóns serán substituídos por outros novos de zinc.

Tamén se realizará unha actuación de mellora e acondicionamento no pasadizo da rúa Coenga-Rúa Pena Trevinca, e se fará un tratamento de cor das fachadas, por considerarse axeitada unha variación de cor que xerará unha nova armonía no conxunto do espazo.

Esta actuación enmárcase dentro da liña de traballo da Consellería de Vivenda e Solo de fomentar a renovación e recuperación dos centros históricos ou doutros tecidos urbanos degradados. Neste caso en concreto do casco vello de Ourense, o obxectivo é que as obras sirvan como impulso á rehabilitación do conxunto das edificacións por parte dos particulares, e para futuras actuacións que repercutirán na mellora do conxunto do Concello de Ourense e os seus espazos públicos.



## **O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON 205.000 EUROS UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DA UDC PARA REALIZAR UN SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DAS ACTUACIÓN S DESENVOLVIDAS POLO DEPARTAMENTO AUTONÓMICO**

- ***O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e a Universidade da Coruña***

A Consellería de Vivenda e Solo financia con 205.000 euros proxecto de investigación da Universidade da Coruña – UDC – para realizar un sistema de información xeográfica das actuacións desenvolvidas polo Departamento autonómico. O investimento estará



distribuído en dúas anualidades: 105.000 euros con cargo ao exercicio de 2008 e 100.000 euros con cargo aos orzamentos do exercicio de 2009.

A elaboración deste proxecto foi programado pola UdC a través da Facultade de Informática, e será desenvolvido por persoal docente e investigador.

O obxectivo é contar cunha ferramenta informática que recompile todas as actuacións e liñas de axudas postas en marcha pola Consellería de Vivenda e Solo ao longo do territorio galego, o que permitiría axilizar a xestión, tramitación e resolución de cada unha delas.

Así, empregando un software libre que permitirá o acceso gratuíto a tódolos interesados, axilizarase a demanda de información tanto interna como externa da Consellería de Vivenda e Solo.